


*Trinta cantigas  
e cinco alalás*



SEUDÓNIMO

*María Fabilos*

## Índice

Pax.	
3	Cantar da Pravia
4	Habaneira de Vilalba
7	Camiño de Lanzós
8	Romance de Tardade
10	Muiñeira do Rañego
11	Rapsodia de San Simón da Costa
12	Fulgores
13	Cantiga da Torre
14	Cantiga de Árbol
17	Alalá dunha mai casada
18	Cantiga de Martiñán (Corbelle)
19	Cantiga de Soexo
20	Desesperanza
21	Alalá de Vilafurada (Santalla de Román)
22	Cantiga de Amarigo (Alba)
23	Cantiga antiga de Portocelo (Distriz)
24	Habaneira de Fontepiso (Santaballa)
25	Cantiga de Gradaílle (Codesido)
27	Alalá de Nete
28	Cantiga de Ínsua
30	Alalá de Fontedor (Gondáisque)
31	Regueifa antiga de Sancovade
32	Rap de Fabilos
33	Cantiga de Cabanamille (Belesar)
35	Reflexións na Rúa do Campo
36	Cantiga das Cernadas (Ladra)
37	Habaneira de Rioaveso
38	Cantiga do limpo taberneiro
39	Cantiga de Portovixil (Boizán)
41	Cantiga de Somede (Oleiros)
42	Regueifa antiga de Mourence
43	Alalá de Condomiñas
44	Alalá da Porta da Cima

## **Cantar da Pravia**

Este meu cantar da Pravia,  
cantiga subordinada,  
a compases musicada  
nun pentagrama de auga.

Cantigas de seixos brancos,  
gromelas dos desvaríos,  
xeitos da alma dos ríos  
pedras puídas e cantos.

Das tellas do meu tellado  
en pingas de noites pegas,  
Facturas, de lume, negras,  
chovendo no meu sagrado.

En Vilalba reclinados  
os cantares devanceiros,  
sendo cantares primeiros,  
están na Pravia ficados.

Á sombra da arboriña  
esperguizan desgaváns,  
cobizando nos veráns  
por moer fariña fina.



## **Habaneira de Vilalba**

Taleigas de branco liño da Ínsua feita,  
irán fardeis de queixos e máis cereixas.  
Unha de roscos finos, outra de ameixas  
Gromos dos meus amores e froita seca.

Por terra e mar.  
Debaixo do firmamento  
de onde estás.  
Galegas, irmáns!  
Galegos de Vilalba,  
fillos da Chá.

Ondas destes azuis da patria nosa.  
Os celmes de Galicia, que non se vende.  
Nobre, rebelde, libre; libre e rebelde.  
Co falar dunha lingua das máis fermosas.

Galegas, irmáns!  
Galegos de Vilalba,  
Fillos da Chá.

Cariños de Vilapedre e de Xoibán.  
Ateigos de Samarugo e de Román.  
Temos, irmáns!  
acordos de Gondaisque e de Boizán.

Galegas irmáns!  
Galegos de Vilalba  
Fillos da Chá

Se outro tempo chegara na nosa vida,  
un barco de trigo albo nos levaría.  
Para sentir os fondos da irmandade  
coa nosa branca e azul da unidade.

Temos, irmáns!  
Evocos de Mourence e de Distriz,  
señardades da Torre e de Goiriz.  
Con este compás,  
lenturas de Ladra e de Belesar.  
de Belesar!  
De Carballido, de Oleiros, das de Lanzós.  
De San Simón!  
De Tardade, Soexo, de Santaballa  
De Árbol, Codesido, de Riaveso;  
de Corbelle, de Alba, de Noche e Nete  
¡De Sancovade...!

Galegas irmáns...!  
Galegos de Vilalba  
Fillos da Chá

¡Temos, irmáns!  
Galegos de Vilalba,  
fillos da Chá...!

## **Camiño de Lanzós**

Ai, amor, amor, amor solteiro,  
bicos primeiros dos beizos da mañá.  
Ai, amor, amor, amor enteiro.  
galán e grolo do gromo da mazá.

Ai, doncel, desafío, laranxeiro.  
Escrita no moreno dunha man.  
Novo, verde, de verde limoeiro,  
verea do umeiro e dos xuncais.

Ai, amor, púdico e insubmiso,  
amor secreto, amor case brutal.  
Ai, amor, causante do meu grito.  
Ai, amor, amor; amor impuntual.

Imperfecto abrir do meu sentido  
no espido e impreciso ritual.  
Ai, amor, amor; amor amigo.  
Ai amor, amado; amor perdido.

Despertou o eco do prodixio,  
do insepulto misterio diminuto.  
Tremaron os teitos do infinito.  
As fiascas caeron nun minuto!.

Dunas en fías, atadas en cen nós,  
minúsculas, vermellas e asustadas.  
Dos inicios, redondas de pegadas.  
Tanguendo o silencio ao par de nós!

Sóa, arcaica, coa pena de deixarte,  
co espanto da ignorancia; arrebatada.  
Cativada por ti, amor, engaiolada.  
Interminable camiño de Lanzós!



### **Romance de Tardade**

Tardade do río, da flor venturada.  
Da flor venturaira, da fonte cegada.

Escoitei curiosa  
o canto viril,  
dozor melodioso  
cabo de Cartín.  
E como tal troba  
era regalía,  
marchei indiscreta  
pola luz do día.  
E cheguei disposta,  
algo solermiña,  
ao rente do canto  
que de alí saía.

Tal mozo que eu vin, tal mozo que eu vía.  
Que ben me prestou quedar subxuntiva.

E quieta parada,  
casais de Cartín,  
cegada co canto  
de san Celemín.

Tardade do millo do suco de tona  
inzado fiuncho en terra de roza.

O Cal e as chousas,  
tan perto de min  
Lanzán e A Pena  
e o cantar que oín,  
Fontao, Corredoira,  
casais de Cartín.  
E a ponte dos contos  
do san Celemín.

A cal do romance foise derivando  
aos chiscos dos fíos, que gardan o gando.

Capela, Lameiros,  
fabas no mandil,  
Xubal e Pereiro  
casais de Cartín.  
E a ponte dos contos  
de san Celemín.

O estar do pasado non debo contar,  
que non quero aos homes postos a falar.

Tardade, Tardade,  
casais de Cartín.  
E a ponte dos contos  
de san Celemín.





## **Muiñeira do Rañego**

O Rañego co seu traino,  
soares de traino fino.  
O río, ao longo, pasando,  
levando foulas de liño.

Antes moías albeiro  
con secretismo discreto.  
Agora moes palabras  
e fotos de casamento.

E moes, sen moer nada,  
cantigas de entendemento.  
Verbas do galego verbo  
o principal elemento.

Vello muíño do Rañego  
deloirado no entretempo.  
Estás recén, solleiroso,  
confías no teu momento.

Vello amigo, amigo novo,  
circunferencia lucida.  
Vivencial Muíño Rañego  
celme da mellor fariña.

Traino, Muíño do Rañego,  
moendas de liberdade.  
Palabras do ser galego  
cinguidas de señardade.

## **Rapsodia de San Simón da Costa**

Ía eu por San Simón  
co acordo do meu amigo.  
O meu amigo non viña.  
E non veu o meu amigo!

No andar por San Simón,  
perdida no meu perdido,  
que o meu amigo foi ido  
da costa de San Simón.

Meu amor, por San Simón,  
prendido no meu amigo.  
E o meu amigo faltaba  
da costa de San Simón.

Foulada por San Simón  
co fulxir do meu amigo,  
abriuse o meu corazón!

Transida, por San Simón,  
que se me foi o sentido.  
Evocando ao meu amigo!

O meu amigo, ~~co~~ conmigo,  
no colo do meu amor!  
E canto co meu amigo  
rapsodias de San Simón!



## **Fulgores**

Con texanos de mandar,  
valeume Santa María!  
Pola Praza a moza fá  
nesa tarde de San Xoán.

A doncela, con donaire,  
a súa seda bailaba  
na brisa que se achegaba  
ao ritmo do seu andar.

Valeume Santa María  
nesa tarde de San Xoán!

O sol, na Praza, raiando!  
Moveuse o aire, furtivo.  
Un murmurio de cantigas  
cantaron polos abrigos.

A Torre, na súa historia,  
insensible e indiferente,  
reverenciou docemente  
sen orgullo, nin memoria.

No seu falar de granito,  
ardorosa soletreaba,  
ao aire, que se escapaba,  
un sen par cantar bonito.

### **Cantiga da Torre**

Mirando á graciosa bela,  
meu corazón desespera  
consumido nun tizón  
dos abrasares da pedra.

Vexo tantas fermosuras,  
tanta beldade e mornura,  
que canto nunha loucura  
á sorte de estar por velas.

Quen mo ía dicir a min!

Vilalba, non sabes ti,  
por ter diario, este ver,  
tanta graciosa beleza  
en pantalóns de muller.



## Cantiga de Árbol

De día, traballos,  
á noite calamos  
Dirás, meu amigo,  
cando nos miramos.

Busquei na beira do río un amuleto  
Para contar as horas que leva o vento.  
Arde morena,  
lume completo.  
Arde mouriña  
Termo secreto.

O meu tractor decidido, que grande vai.  
Carga sobrepasado herba e toxais.  
Imos, amiga,  
Imos contentos.  
Barro e fariña  
pan e fermento.

Moitas velocidades gasta o tractor.  
Cantas máis teña, amiga, moito mellor.  
Arde pombiña.  
Arde, no aire  
Soles e lúas  
por onde cadren.

Que cabina máis feita de espazo dobre.  
O meu tractor requeriño nada ten pobre.  
Arde morena,  
Melancolías?  
Virán de *propio*  
sen nós pedilas.

Mira os regos dereitos desta restreba.  
Que forza de motor, que arados leva!  
Anda rapaza,  
non me repliques.  
Tardei do Santo,  
non sei que fixen.

Olla con despexo por toda a Grande.  
Nada igual, nin parella, que se compare.  
Anda clariña,  
que despois quedo.  
Se vou ao Santo  
chegarei cedo.

De día, traballos,  
á noite calamos.  
Dirasme, lizgairo,  
cando nos miramos.

Ailalalá, xeitosa, Lomba da Croa.  
Branca, na cociña, coma unha pomba.  
Ailalalá, curiosa, muller bonita  
Ningunha coma ti nestas auroras.

De día, traballos,  
pola noite, soa.  
Dirasme, chuliño  
porque fixen voda.  
Dirasme, bonito,  
cando nos miramos.  
Dirasmo, dirasmo,  
esta noite a soas.

## **Alalá dunha mai casada**

Durme rula, rula, neste berce teu.  
Nena, meu cariño, luíña do ceo.

Ailalalelo, ailalaila  
Ailalelo, ailalaieeeee...

Ea, ea, raíña miña,  
non despertes cando chegue,  
que será, cubata ou viño?,  
bótalle a cupa ás mulleres.

Nin choros, nin queixa algunha,  
para que durmas sen nada saber.

Esta, que vida!  
Tanto avasalo,  
tan soballada,  
non teño saída!

É que non podo con el vivir,  
pero tampouco sen el existir.

Ea, ea, raíña miña,  
non despertes cando chegue.  
Ea, ea, miña nena.  
Ea, ea, ea, eeeee.

Ailalalelo, ailalaila  
Ailalelo, ailalaieeeee...



### **Cantiga de Martiñán (Corbelle)**

Si que estamos repartidos  
entre ríos e curmáns,  
en máis de quince contadas  
polos dedos dunha man.

Cantiga que veu do río  
escrita en papel mollado  
Tinta que se derramou  
en ollos de verde claro.

Cantar do río Fabilos  
aprendida esta mañá.  
A que se foi polo río  
nun pano de namorar.

Ai, luceiros de Corbelle,  
luces das miñas luzadas.  
Alumade o meu camiño  
do escuro das madrugadas.

Fabilos tenrura e frío  
río miúdo das ansias.  
No fondal do leito, río,  
os aneis das esperanzas.



### **Cantiga de Soexo**

Mouriño da moura, moura,  
mouriño, corpo talado.  
Dentro do meu peito teño  
o corazón estalando.

Por un bico teu, mouriño,  
desmaio por un teu bico.  
Espero mouriño, mouro,  
cabo da ponte do río.

Hei quencer as túas mans  
no morno do meu xustillo  
Hei secar a túa sede  
cos beizos do meu cariño.

Vén agora xa, meu amor, amigo.  
Vén agora xa, flor do meu cariño  
Vén agora, xa, flor do meu regalo.  
Vén agora, xa, que en Gaián agardo.

Ai, mouriño, mouro, mouro,  
ollos de ceo, azuados.  
Espero mourao, mouriño,  
polas fondelas do prado.

Vén agora xa, meu mouriño amado.  
Vén agora, xa, que en Gaián agardo.



## **Desesperanza**

Ai, amor, amor, se que hai amor,  
sácame desta tomba e deste lío.  
Ai amor, amor, se que hai amor,  
afástame a sombra deste enredo.

Atada, sen quere-lo, estou presada,  
a un grande e constante desespero.  
Ai, amor, amor, se que hai amor,  
desátame os nós que me apreixoan.

É desalmado e vil; é un mal tío,  
que me ten perfectamente dominada.  
Vencida estou, amor, se que hai amor,  
por esta negra senda deste sino.

Non o quero, non, vou imanada a el,  
na loucura completa dun arrimo.  
Cada día que pasa digo o mesmo.  
Cada noite, que vai, volta a dicilo.

Odio o seu auto, detesto o seu ulido;  
aborrezo os seus preixos, os seus bicos.  
Que longo se me fai ese minuto,  
no cal extingue en min o seu capricho!

Vén, amor; amor, se que hai amor.  
Desimánname del. Despégame!  
Destrúe esta insentada chaladura.  
Eu non podoo soa. Estou nunha agonía!

### **Alalá de Vilafurada (Santalla de Román)**

Sempre fuxindo de min  
sorteando os pensamentos.  
Ouvíndo o mazo na pedra  
no laborar dos canteiros.

Non fagades máis cruceiros!  
Abondan na Terra Chá,  
persigno a cada momento

Labrádeme auga do mar  
un Pirineo apranado.  
Un monumento inmortal  
no acordo dos emigrados.

Ai, Romariz, Alfaite, Fistela!  
Ai, Aneirós, Leboeiro e Fraguella!  
Ai, meu xoeiro, por onde andarás,  
non nos miramos desque eras rapaz!

Ailalala, ailalala  
Ailalala, ailalalá...

Non labredes máis cruceiros!  
Abondan na Terra Chá.  
Cando os vexo, non me libro,  
fago cruces ao pasar.

Ai, Carboeira, Locencia e Bardela  
Ai, Bouzamelle, Seivane e San Fiz  
Ai, meu xoeiro, que te despedín.  
Nunca te foses tan lonxe de aquí!



### **Cantiga de Amarigo (Alba)**

Do teu vivir, o saber,  
do teu saber o vivido.  
Non sei que será peor:  
se vivir para o saber,  
ou saber polo vivido.

Andas querendo querer,  
o querer non ten arrimo.  
Non sei que será peor:  
Se sentir para querer,  
ou querer polos sentidos.

Andas buscando mornura  
nos fríos dos corazóns.  
Non sei que será peor:  
se ter mornura no frío,  
ou frío no corazón.

Vente a Amarigo, esperta!  
Vente a Amarigo.  
Vente a Amarigo, amiga,  
vente **com**migo.

Amarigo, da Alba,  
ou a Larizo.  
Vente **com**migo, amiga,  
Vente **con**migo.

### **Cantiga antiga de Portocelo (Distriz)**

Canta, polos menos, canta.  
Polo demais canta duro.  
Hoxe mallamos o trigo  
e mañá xa saberemos.

Pola banda da Pallosa  
pode vir a ventoada.  
Pola de Altamira un trono,  
na da Igrexa unha tronada.

Ruín palla e non saber  
en que señorío estamos.  
Por iso pagamos dobre.  
Sempre nos cambian os amos.

Sube, sube, sube palla,  
levámolo miudado,  
están os de Gondeboi  
con dous palleiros alzados.

Ei, carballeira do río.  
Ei, carballeira.  
Fixen ladrais moi finos  
de bidueira.  
De bidueira serrados,  
se bidueira.  
Ei carballeira do río.

Ei, ei!!!!, carballeira!

(...e o palleiro quedou formidable  
mirando ao ceo estupidamente.  
O Trimaz non se enterou de nada,  
seguiu o seu curso e o seu facer,  
que bastante tiña con amolentar  
o liño cando era preciso.  
Ademais, os ríos non reporan en ren.  
Os ríos só se revolven, se poden,  
cando hai xente bárbara que se mete con eles.)



### **Habaneira de Fontepiso (Santaballa)**

Ando buscando nas fontes  
nas que poidera beber.  
Canto máis fontes atopo  
máis ardora a miña sede.  
Canto máis fontes eu vexo  
máis devezo por beber.

Vai pomba branca.  
Vai, voadora.  
Vai branca pomba  
Vai buscar, voa.  
Vai azuría.  
Vai zuadora  
Trae no teu bico  
algunha gota!

En Fontepiso ponme unha grola,  
que a preciso  
para min toda.  
En Fontepiso, cólgame a sorba.

Eu quero frescor de auga,  
fresquía para beber.  
As fontes que eu atopo  
non saben que teño sede.

Vaime pombiña  
Vai buscar, voa!  
Que a sede miña  
Arde na boca.

En Fonte Piso te agardo.  
En Fonte Piso dos bos.  
na Santaballa dos pinos  
no branco daquel balcón.

Azura, azura.  
Azura, pomba!

### **Cantiga de Gradaílle (Codesido)**

Case sempre quen mandou,  
mandando se fixo rico.  
Eu non sei porque o mandar  
vén con tantos sacrificios.

Mais, considerándoo ben  
quen mande é fundamental.  
Ao mandar será un mandado  
e servo do capital.

Ai, auguiña de Alligal,  
medicina das eivadas,  
É de todos, de ninguén,  
é auga socializada.

Teño, polo meu saber,  
moitas leguas de abundancias.  
As roldas do parecer  
dependen das redundancias.

Ben escoito palabrear  
verbas de grande profunda.  
Tan fondísimas están,  
que non entendo ningunha.

O que se cre explotado  
terá razón, non se nega.  
Mais, cando sube aos chanzóns  
explota nos explotados.

## **Alalá de Nete**

Esta noite hei de fiar todo o queda de noite  
Mañá hai que traballar  
Ailalelo, ailalala.

Esta noite hei de fiar catro ou cinco marazocas  
Mañá hai que madrugar  
Ai lalelo, ailalelo  
Ailalelo, ailalala.

Mira que regos nos dedos.  
Mira que regos me fan  
Mira que regos eu teño  
polo mal espadelar  
Ailalelo, ailalala.

Este liño e liño bo, foi curtido no Batán  
Upa, upa!, fiadora,  
dúas mazarocas van.

Ailalelo, ailalelo  
Ailalelo, ailalila.

Vén xaneiro, vén febreiro  
Vén abril e vén a sega  
Éncheme a cunca de auga,  
que me queda a boca seca.

Ailalelo, ailalelo  
Ailalelo, ailalala.

Salva as costas, salva as costas,  
salva seña a miña dura.  
Sálveme o tempo fiado,  
teño de cocer verdura.

Ailalelo, ailalelo  
Ailalelo, ailalala.





## **Cantiga de Ínsua**

Cando se ergue a mera  
o meu corpo desespera.  
Polo demais, estou ben vivindo aquí.  
Cando medran os ríos,  
pois no inverno medran,  
avívanse e anegan.  
Máis a auga é riqueza.  
Xaora, a Ínsua é rica.

Entre dúas augas,  
prantados na Chá.  
Por tempos dos tempos,  
vívidos e vivos,  
entre dúas augas!  
Nacemos, vivimos,  
sen medo a ninguén.  
Cando se hai que ir, vaise,  
como cada quen.  
Xa andei, morrendo,  
nas terras do alén

Na afeitura destes predios  
finarei nos medios destas fermosías.  
Non quixera ir eu  
aos que habitan, vivos, neses cemiterios.

Teño valor, pois cobro!  
Rendo máis ca os teixos,  
leite e outras lindas.  
Que ao mes vénnos a paga  
máis ou menos polo fixo.

Ailalala, ailalala.  
Ailalala, ailalalá  
O Ladra é río maduro,  
O Labrada o meu contento  
A Ínsua o meu nacer  
e os biduieros meu tempo.  
Ailalala, ailalala  
Ailalala, ailalalá...

Pasaído, Ponte de Sa,  
Catoriña e Abeledo  
Ailaleilo, ailalá...  
Rebordaos, Lama, Marcelle  
Santalla, Vilargabín  
e a capela dos Remedios.

E que non me queden outras,  
A todas con devoción:  
Casas Vellas, Casas Novas,  
Cardosa, Merlán, Mouzón.

Sigo coa troba, cónteme, tuna,  
pois eu non quero que falte ningunha.

Vai a de Pino, vai a do Rego  
Faltaba Puzo, Regueira e Vicente.  
Ai, por faltar, poña señora,  
queda Escolante e a outra de Sa.

Velai, sen chamadeiros,  
os anos nubran memorias,  
as aldeas destes eidos, entre dúas as augas postas.

Ailalala, ailalala  
Ailalala, ailalalá



## **Alalá de Fontedor (Gondáisque)**

Quen me dera ter a fonte preto da miña parada,  
para beber auga fresca  
nestas miñas madrugadas.

Fontedor onde quedaches, que non sei se terás auga.  
Cando penso en ti, fontíña,  
embárgame pena brava.

Tiven que marchar de mozo a loitar polo vivir.  
Non era tanto o reparto,  
para a tantos repartir.

Lembro, dereitos, os chantos, cantos de moitos arrimos.  
Algúns de antas dos castros,  
outros das pedras de muíños.

Ailalelo, ailalalo.  
Ailalelo, ailalá...

Andei por moitos países, algunha lingua aprendina.  
Non renuncio, Gondáisque,  
o falar da lingua miña.

O meu idioma é galelo entre linguas estranxeiras.  
Respectanme cando a falo  
e cantándoa, namoreina!

Levo a Galicia conmigo a todas partes que vou.  
Tan só me falta a fontíña,  
a fonte de Fontedor,  
para beber auga fresca polo rigor do calor.

Ailalelo, ailalalo; ailalee...lo  
Ailaleeee...lo..., ailaláaaaa.

## **Regueifa antiga de Sancovade**

Non lle vou dicir agora  
cantos vendo e cantos non.  
Uns irán polo pechado,  
outros por unha ilusión.

Ai, que voltas dá o fuso  
entre os dedos do meu xiro.  
Unhas van polo fiado,  
outras cinguen o envolvido.

Pecha a luz das capoeiras,  
que os príncipes han durmir.  
Anque que capados e todo  
teñen tentos por subir.

Cantas voltas me debuxa  
este fuso regalado.  
Cóidame o capón precioso  
que é do médico do gando.

Ai, veña, veña  
e dalle, muller,  
que máis de catro  
aínda se han vender.

Chove de noite e chove de día.  
Chóvenos sempre nos lares da vida.

Cala, muller,  
ponte morniña.  
Capóns teremos  
se temos galiñas.

Imos morena, imos deitar,  
que outra regueifa che quero cantar.

Vaites diaño, cantos domingos!  
Eu ben pensei que non tiña marido.

(...e o que pasou, seica pasou como é debido)



## **Rap de Fabilos**

Esta noite éntrolle directo  
Ao concreto; ao concreto;  
Ao concreto, directo, directo.

Que esa tía está de delicto  
De delicto; de delicto,  
De delicto, delicto, delicto

Sen pensar, sen pensar,  
Sen pensar nin perderme de pico  
Voulle entrar, voulle entrar  
Voulle entrar, voulle entrar a rachar  
A rachar, a rachar a rachar!

A rachar, a rachar, a rachar; a rachar...!

Esta noite co auto lavado, colonia Goutier  
e asentos molados.  
Esta noite, esta noite;  
esta noite, esta noite.  
Esta noite, nin salvo nin salva, nin eu son salvado.

Voulle entrar, voulle entrar;  
Voulle entrar sen pensar,  
sen pensar, sen pensar.  
Sen pensar...  
Sen pensar, en canto que abran o pub.  
Esta noite serei en Vilalba o máis dos demais  
Esta noite, esta noite, esta noite  
Esta noite, esta noite a rachar!  
A rachar, en Vilalba, ao abriren o pub.

Ei, ei! Na Madalena. ei, ei!  
O río trae, o río leva.  
Ei, ei! Na Madalena.

### **Cantiga de Cabanamille (Belesar)**

Leva por madriña fada,  
que ben fadado vai ser.  
Bautismárono no río  
cando estaba por facer.

Era ben de madrugada,  
aínda non saíra o sol.  
De Cabanamille eu soa  
por unha noite maior.

Onda a Ponte requiriron,  
por ser eu primeiro paso.  
Seguín as indicacións  
batín auga ao seu regazo.

Baixo a Ponte das Baionas  
fun madriña de prestado.  
Se tiven que ser a fada,  
son fadiña de regalo.

Cousas non vistas,  
cousas que ver.  
Fun a súa madriña  
antes do mencer.

Ai, que alegría teño, daquela!,  
son a fadiña das pontes de pedra.  
Mais xa non sei que pasaría,  
ninguén me pide terme por madriña.

## **Reflexións na Rúa do Campo**

Non sei certo porque é móbil o portable.  
Non sei por que ao se mover é a movida  
Se ó cabo o móbil ben se move  
e a movida pode ser insoportable.

Non sei porque escribo soportábel,  
se ao falar tal así xamais pronuncio.  
estou eu en que o profe fai renuncio,  
para se marcar un farde no instituto.

Xunto cos meus na Praza de San Xoán.  
Polo móbil recibo unha quedada.  
Irei, sen remedio, onda a rapaza  
e despois, se-cadra, a aldea de Lobán.

Polo pronto escribín, sen dicir nada,  
un regueiro inútil de palabras.  
Importa ter móbil, ou ser movido?  
Ter móbil?, claro, interesa moito!  
Moito máis que ser movilizado!



### **Cantiga das Cernadas (Ladra)**

Río Ladra, Río Ladra, non me poñas raia a min.  
Quero pasar sen mollarme  
por un afago que vin.  
Non ma poñas, Río Ladra, que veño de redimir.

Andei por chás e por montes,  
andei por terras quebradas.  
En ningures me puxeron  
atrancos de río ladra.

Río Ladra, Río Ladra, non me poñas raia a min.  
Quero pasar sen fronteiras  
para as terras das que vin.  
Non mas poñas, Río Ladra,  
que eu tampouco poño a ti.

Venme ver a min  
e ven cando queiras,  
no Rego das Hortas  
teño unha cerdeira.  
Teño unha cerdeira  
e teño un tractor.  
Teño moitas vacas.  
Teño dous avós!



## **Habaneira de Rioaveso**

No corazón teño a alma.  
A alma no corazón.  
O respiro do meu canto  
nun afogo de cantor.

Temos o mar que nos mece,  
a memoria nun bordón.  
O Margazal dos anceios  
para cantalo mellor.

Ai, Rioaveso,  
Fulgor da alba.  
Ai, Rioaveso,  
A de Vilalba.

Ai, Rioaveso,  
grande ruptura.  
Dos meus ancestros  
pote e verdura.

Coida das flores moradas,  
as brancas régoas eu.  
Sacro das túas pegadas  
máis aló do pirineo.

Ai Rioaveso,  
Ai, Vilaester  
Ai, Rioaveso  
Prato e culler.

Ai, Rioaveso  
Ai, campaneira  
Ai, Rioaveso  
Miña sesteira.

Dame un galego preciso,  
nono terás que esquecer  
O que despreza o idioma  
bótao todo a perder.

Ai Rioaveso,  
solar procura.  
Ai, Rioaveso,  
miña ventura!



### **Cantiga do limpo taberneiro**

Na barra, diante, o vaso con saína;  
mireino, mirouno o taberneiro.  
Nun pano de limpar o vertedeiro  
escupiu un renovo de saliva.

Fretou na ovoidela cristalina,  
chis dun ollo, mirar ao solledeiro.  
Púxoo, na barra, o taberneiro:  
ai ten, exquisito!, tal coma patina.

Ollei oa alto, por disimular,  
alcei, e sen máis, bebín nun só mandar,  
cos dentes apretados, daquel vaso.

Sabor de fume, liscos e relazo,  
nun revolto gustoso e singular.  
Funme, espiritado e sen chistar.

## **Cantiga de Portovixil (Boizán)**

Historias de miña avoa  
da súa avoa contadas,  
onda a cociña de ferro  
con feitura moi trazadas.

Eran mouros, os primeiros,  
os que dos castros baixaban.  
Para avisar que chegaban  
os inimigos feridores.  
Viñan en rexo cabalos,  
sen outra cousa ca pelo.  
Baixaban coma centellas  
sen teimosías nin medo.

Nin que mouros, nin mourados,  
nin que contos, nin que nada.  
Eran os nosos que estaban  
No alto das vixiadas.

Anda por marzo,  
anda en abril,  
esta cantiga  
é de Portovixil.

Anda por maio,  
ou por san Xoán,  
que esta cantiga  
é do lar de Boizán.

Ten por seguro,  
non canta niguén.  
Dos contos de avoa  
non se quere ren.

## **Cantiga de Somede (Oleiros)**

O xirín cantou na chousa do niño de Gardamil.  
E por este levadío  
eu quero cantarche a ti

En ola de barro fino, amasado ao sol da chá,  
fíxenlle ao xirín un niño.

Para que cante ao aberto,  
a verdade da verdá.  
Fíxenlle ao xirín o niño.

Canto se riron de mñ polo niño do xarín.  
Tal que se riron de mñ  
en Vilarente, da Chá.

Co meu somedel galego,  
en Vilalba, un estranxeiro,  
un paria, un rego negro;  
un leria terrón acedo.

Ata que cantou o xerín  
no maduro do salgueiro.  
Non quixen ser guerrilleiro!  
E bailei coma o primeiro  
nas festas de San Ramón.

E falei o meu galego,  
entendendo e entendido,  
contando con un abrigo,  
despois de sufrir caudinas.

O xirín canta na chousa do niño de Gardamil.  
Fíxenlle ao xirín un niño.  
En olas de barro fino.

Irei a Vilalba, eu,  
coma sempre, no patrón.



## **Regueifa antiga de Mourence**

Que ben os muíños triando,  
que ben os muíños triados.  
Da Grandisca somos nós  
das casas dos nosos amos.

De Santa Baia son eu,  
Santaballa de Trasmil.  
Traio tempo, traio pan,  
non hai porque discutir.

Da Vilara, se coñeces,  
deste termo de Mourence.  
Veño cun feixe de palla  
se non tes inconveniente.

Eu veño de Dona Orraca,  
o meu traino é de mañá.  
O meu querer pola noite,  
no tempo de sementar.

Eu chego de Carballido,  
levo rolda do serán.  
Este muíño ben me gusta,  
moe contento e xalgal.

Pois si que vides de lonxe  
moita andaina para andar.  
Temos muíños en Mourence  
co seu moer de verdade.

Pois cantemos todos xuntos  
o cantar de Samarugo,  
que se non soa fermoso  
alegría traerá.

As mozas de Corbelle  
van a Vilalba.  
Visten saia mourada,  
xoias de prata.  
Os mozos de Tardade  
son de bo viño.  
Calzan zocos bonitos,  
coiro de xata.

eiijijijijiiiiii...  
Somos de Mourence  
e estamos eiquí!  
(...e rematou a moenda decentemente)



## **Alalá de Condomiñas**

Águias que ollades longo axudade ao meu mirar.  
Vexo tanto que non vexo,  
non podo nin reparar.

Lombo do Río, Lombo do Cervo; Porto de Bois, Doade, Sarela.  
Ai, Rebordiños; ai, Rebordele,  
estes recantos das nubes do ceo.

Canto con desesperanza, que é tanto coma chorar.  
Non sei porque canto tanto  
cando pouco hai que cantar.

Uns traballan canto poden, outros non teñen de que.  
Algúns tan só vituperan,  
outros andan ao revés.

Á xente moza galega forza da motivación.  
Onde van seus horizontes  
e onde a investigación.

Alalá de Condomiñas, alalá da miña xente.  
Chega a festa de Vilalba,  
teño que ir a Vilarente.

Alalá de Condomiñas, destes tempos arreciados.  
Eu quixera cantar máis  
desde os eidos isolados.

Alalá de Condomiñas o que sobra, a rarear.  
Entroume unha taquipnea  
xa non podo máis cantar.

Ailalala, ailalala.  
Ailalala, ailalalalalaaa....

## **Alalá da Porta da Cima**

Ai!, que estou que non me teño  
Tanto sufrir para un neno  
Ai, que lindo este cativo,  
que gozo no meu contento.

Ailalala, ailalala  
Ailalala, ailalalá

Durme neno no meu colo  
Regazo de Tras do Río  
Cos bicos de dous amores  
Dos amores concebido.

Ailalala, ailaleilo  
Ailaleilo, ailalalá

Meu rei da Porta da Cima  
Meu picariño primeiro  
Heiche de dar un pantrigo  
Heiche de facer un queixo.

Ailalala, ai...lalala  
Ailalala, ai...lalalá

Ai, non me morras neniño  
Ai, que sombra veu de balde  
Que mal andazo chegou  
Queima da febre covarde.

Ai..., ailalala; ai..., ailalalá

Ofrezo á Santa María  
Vinte misas e un rosario  
Catro ceras coas figuras  
Do teu corpiño estragado.

E se che fixese falta  
Miña vida de regalo.  
Ailalelo, ai...lalalo  
Ailalala, ai..., ailalalá.





*Trinta cantigas  
e cinco alalás*

Non te me subas á costa  
E se subes baixa andando  
Que o carriño de madeira  
Non ten freos nin xirado

Ailaleilo, ailaleilo  
Ailaleilo, ailalalá.

Adeus á Porta da Cima  
Rúa dos tendais ourados  
Non te cambio por ningunha  
Lévote no meu calado.

Ailaleilo, ailaleilo,  
Ailaleilo, ailalalá.

Ai, que se casa, casado,  
Os seus tempos medirán  
Cantos netos feiticeiros  
Con que acento chorarán.

Dúas prendas me trouxeron  
Ben mirados, son o diaño,  
Estou oufada por eles  
Nono quero aparentar.

Ailalalo, ailaleilo,  
Ailaleilo, ailalalá.

Ai, meu Pico do Caxado  
Ai dos prados da Capela  
Ai, os da Ponte das Pontes  
Ai da Bouza e Tras da Serra.

Ai, de Vilalba de abaixo  
Ai dos escuros do medo  
Ai, dos casares do Freixo  
Ai do Sanxillao pequeno.

Ailalala, ai..., ailalala  
Ailalala, ai...la...la...lá.